

JOSÉ PARDO LOMBAO, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE OUTEIRO DE REI.-

INFORMA:


Que o Concello de Outeiro de Rei organiza dentro do programa medioambiental “Auga e residuos” un concurso de fotografía baixo o lema **A AUGA NO CONCELLO DE OUTEIRO DE REI: UN BEN A PROTEXER.**


As persoas interesadas en participar poden achegar ao Concello un máximo de 3 fotografías; o prazo de recollida de traballos estará aberto ata o 26/10/2009.

Están previstos 2 premios; para nenos e rapaces de ata 16 anos 150 € e outro premio de 250 € para as persoas que concursen na categoría de maiores de 16 anos.




As bases do concurso están expostas no Concello e colgadas na web municipal www.outeiroderei.org.

Igualmente, informar que proximamente van ter lugar as seguintes charlas:

 QUE PODO FACER AO REMATAR A ESO?
DATA: 16/10/2009 HORA: 18:30 h LUGAR: SALÓN DE ACTOS DA CASA DA CULTURA DE OUTEIRO DE REI

 VOLVER A ESTUDAR: POR ONDE COMEZAR?
DATA: 23/10/2009 HORA: 20:00 h LUGAR: SALÓN DE ACTOS DA CASA DA CULTURA DE OUTEIRO DE REI

Todos os rapaces e rapazas de 15 ou máis anos que asistan algunha destas dúas charlas participarán no sorteo de 3 impresionantes premios:

-  **1º premio: 1 scotter Orbit 125 c.c.**
-  **2º premio: 1 ordenador portátil Sony Vaio FW31M**
-  **3º premio: 1 bicicleta BH expert**

Pódese obter máis información sobre estas iniciativas no tfno. 982 393 408.

Outeiro de Rei, 7 de outubro de 2009
O alcalde,